



Raia mantida con vida ata a súa liberación nun capacho con auga de mar.]

Os Descartes

Durante a última década estase a poñer unha atención especial sobre o problema dos descartes, ou capturas accesorias, nas pesqueiras.

De feito, a PPC márcase, entre os seus obxectivos fundamentais, a eliminación dos descartes, de aí a obriga de desembarque. Esta norma obriga a levar a terra os descartes das especies con cuota, contabilizando na mesma, e sen, que podan ser vendidas para consumo humano directo.

Sen embargo, esta obriga non será tal no caso de demostrar unha elevada supervivencia da especie.

Entre os posibles descartes encontramos as raias, especie moi vulnerable por posuír unha taxa de crecemento lenta, maduración tardía, período de xestación longo e baixa taxa de reprodución.

Os exemplares que deben ser descartados non producen ningún beneficio económico ao non poder ser vendidos. Asegurar a liberación no medio nas mellores condicións asegura que podan continuar realizando o seu ciclo vital e ser pescados no futuro.

¿Qué podemos facer?

**Investigadores e pescadores pola
redución dos descartes e a pesca
sostible**

A Federación Galega de Confrarías colaborou co IEO nun estudo de caso enmarcado dentro do proxecto DESCARSEL. Coa participación do sector pesqueiro artesanal se estudou a supervivencia das raias nas pesqueiras galegas.

O obxectivo foi obter evidencias científicas para propor á UE unha exención á obrigación de desembarque de tódalas raias naqueles oficios de pesca onde se demostre que esta especie se pode liberar viva e os exemplares sobrevivirán. Isto permitiría descartar vivas (de volta ao mar) os individuos xuvenís e aqueles que sexan capturados unha vez esté agotada a cuota.

Desa maneira benefíciase o stock pesqueiro e ao pescador porque non consume a cuota e pode realizar boas prácticas pesqueiras.

*Colaborar nos estudos científicos é
fundamental para obter argumentos
técnicos para adaptarse á nova
normativa da PPC*

Contacto: Federación Galega de Confrarías de Pescadores
Rúa Palmeira, 84. 15895 Ames - A Coruña. Tel: 981941775
Email: info@confrariassgalicia.org <http://confrariassgalicia.org>

Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



FEDERACIÓN GALEGA
CONFRARIAS DE PESCADORES

Colabora



INSTITUTO ESPAÑOL
DE OCEANOGRAFÍA

CENTRO
OCEANOGRÁFICO
DE VIGO




**MANUAL DE
BOAS PRÁCTICAS
A BORDO NO
MANEXO E
LIBERACIÓN DE
RAIAS
DESCARTADAS**

As Raias: boas prácticas pesqueiras

¿Cando hai que liberar as raias?

1. Cando se pesquen exemplares xuvenis de tamaño non comercial.
2. Cando se teña consumido a cuota.

A liberación dos descartes vivos e en boas condicións facilita que poidan seguir realizando o seu ciclo vital



Principais puntos febles das raias.

Órganos internos: Moi fráxiles o non estar protexidos por un esqueleto ríxido, polo que sofren máis dano que outros peixes ó saír da auga

Médula espinal: Prodúcese traumatismos a nivel da médula ó levantar ó animal pola cola,, pode provocar danos irreversibles.

Branquias e circulación sanguínea: A circulación sanguínea redúcese cando non se poden mover. As branquias dánanse con facilidade fora da auga cunha mala manipulación.

Cómo manipular as raias.

1. Libéralas do aparello o antes posible.
2. Evitar tiróns que podan causarlles feridas
3. Agarralas polos laterais, polas ás cerca da cabeza, con ámbalas dúas mans
4. Libéralas o antes posible no mar. Co maior ciodado, deixándoa caer, non tirandoa.

Que se debe evitar

1. Transportar, ou manipular as raias agarrándoas pola cola.
2. Deixalas tiradas na cuberta expostas ao sol
3. Deixalas caer, lanzalas, empurralas, pola cuberta
4. Tiralas ao mar dende gran altura
5. Insertar os dedos nas ranuras branquiais ou garralas pola zona abdominal



Raia mosaico



Raia da praia



Raia pintada



Raia de clavos

“Os peixes capturados e liberados poden morrer por varias causas, pero os motivos fundamentais son: as feridas, o tempo fora da auga e o estrés

